



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal cualificador e data do proceso selectivo, dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa

EXPEDIENTE 2022/E001/000002: Provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021: Lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal cualificador e data do proceso selectivo.

ANUNCIO

Faise pública a Resolución de Alcaldía núm: 324/2023 do 28/11/2023 pola que se aprobou a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, o nomeamento do tribunal cualificador e data do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.05.2022 aprobáronse as bases da convocatoria para provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala auxiliar administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021, mediante concurso-oposición.

- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31.01.2023, aprobouse a modificación da base 4 das bases que rexen a convocatoria para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, (código 01.01.00.02 da relación de postos de traballo), incluída na oferta de emprego público de 2021, o anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 37, do 23.02.2023, no Diario Oficial de Galicia núm 94 de 19.05.2023 publicouse o anuncio do extracto da convocatoria e no BOE núm. 143 de 16.06.2023 publicouse a Resolución de 7 de xuño de 2023, referente á convocatoria da citada praza.

- Por Resolución de Alcaldía de data 18 de outubro de 2023 aprobouse a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021; publicándose o anuncio no BOP num. 203 de 24 de outubro de 2023.

De acordo coas bases que rexen a convocatoria para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, (código 01.01.00.02 da relación de postos de traballo) e examinada a documentación que acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

Admitidos:

JOSÉ RAMÓN CASAL ORZA; ***8049**; exento proba de galego.

Excluídos:

Ningún

Segundo. Designar os seguintes membros do Tribunal cualificador do procedemento selectivo:

Presidente: Dalmiro Núñez Vázquez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón.

Suplente: Julio González Casanova, Secretario-Interventor Concello de Friol.

1ª Vogal: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria técnica do Concello de Boqueixón.

Suplente: Antonio Lorenzo Morandeira, secretario-interventor Concello de Begonte.

2ª Vogal: María Cruz Ferreiro Sanín, labora fixa técnica do Concello de Boqueixón.

Suplente: María Isabel López Fernández, funcionaria administrativa Concello de Paradela.

3º Vogal: Manuel Piñeiro López, funcionario administrativo Concello de Paradela.

Suplente: José Ángel Balseiro Amido, secretario-interventor Concello de Rábade.

Secretario: José López González, secretario-interventor Concello de Touro.

Suplente: Mónica Vázquez Fandiño, secretaria-interventora Concello de Láncara.

Terceiro. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso-oposición, nos seguintes termos:

Día: 18 de decembro de 2023

Lugar: Casa do Concello

Constitución do tribunal: 10:00 horas

Valoración da fase de concurso: 10:30 horas

Realización fase de oposición: 11:00 horas

Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalado.

Cuarto. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal: <https://sede.touro.gal>.

Quinto. Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante esta alcaldía, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos."

O que se fai público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria.

Touro, 29 de novembro de 2023.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/9495